Federación Galega de Atletismo – Delegación de Ourense
Rúa Carlos Maside s/n - Local 2
Campo de "O Couto"
32002 Ourense
Tfno. e Fax: 988 245 353
Tfno. Móvil: 671 052 185
Enderezo Electrónico: fgaourense@yahoo.es
Sitio WEB: https:\\www.fgatletismo.es/ourense
Recoñecida entidade de utilidade pública, Ley 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

# REGULAMENTO IV CAMPIONATO PROVINCIAL DE 10KM EN RUTA

O Campionato provincial de 10 km en ruta, terá lugar o día 17 de decembro de 2017 na localidade de Ponte Noalla, no concello de San Cibrao das Viñas, coincidindo coa disputa da XVI Carreira Pedreste do Nadal. A saída e a meta estarán situadas nas piscinas municipais de ponte Noalla, nas inmediacións do Polígono de San Cibrao das Viñas.

PARTICIPACIÓN: No Campionato Provincial de 10km en ruta só poderán participar os atletas con licenza federativa, nacional ou autonómica, en vigor para a tempada 2017–2018 tramitada pola Delegación Ourensana, que pertenzan a un Clube Ourensán ou que naceran na provincia de Ourense (debendo acreditar estes últimos posuír licenza federativa, nacional ou autonómica, en vigor para a tempada en curso). Os atletas que incumpran o presente apartado non poderán participar.

INSCRICIÓNS: Os clubes e atletas federados deberán inscribirse na Extranet da RFEA (https://isis.rfea.es/sirfea2/). Dispoñen de prazo para a inscrición ata as 20:00 horas do luns día 11 de decembro.

CLASIFICACIÓNS: estableceranse clasificacións individuais en todas as categorías e por equipos na categoría absoluta:

Individuais (*): nas categorías SENIOR (nados/as en 1995 e anteriores ata o ano en que cumpran 35 anos), PROMESA/SUB23 (nados/as en 1996-1997-1998), XUNIOR/SUB20 (nados/as 1999/2000) e VETERANOS/AS/MASTER (nas seguintes categorías: A de 35 a 44 anos, B de 45 a 54 anos e C de 55 anos en adiante) Homes e Mulleres.

(*) Para o Cto. Provincial Individual contarán unicamente aqueles atletas que cumpran 3 das seguintes condicións:

1. Ser cidadán español (acreditado mediante o carné de identidade).
2. Ser ourensán de nacemento (acreditado mediante o carné de identidade ou partida de nacemento)
3. Con domicilio legal na provincia de Ourense (acreditado mediante certificado de empadroamento).
4. Estar en posesión de licenza federativa por un clube da provincia de Ourense para a tempada 2017 – 2018.

Federación Galega de Atletismo – Delegación de Ourense
Rúa  Carlos Maside s/n - Local 2
Campo de "O Couto"
32002 Ourense
Tfno. e Fax: 988 245 353
Tfno. Móvil: 671 052 185
Enderezo Electrónico: fgaourense@yahoo.es
Sitio WEB: https:\\www.fgatletismo.es/ourense

Recoñecida entidade de utilidade pública, Ley 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

Por equipos (**): na categoría ABSOLUTA masculina e feminina, trofeo aos 3 primeiros clubes da provincia de Ourense. O número de atletas dun equipo é libre, contando para a clasificación os 6 primeiros que cheguen a meta e contabilizando os postos dos 4 primeiros atletas de cada clube. Realizando a clasificación da seguinte forma:

- Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos, con exclusión dos que non clasificaran a lo menos a 4 atletas.
- Esta lista soamente estará formada polos atletas dos clubes que enviaran a inscrición no prazo previsto.
- A cada atleta se lle atribuirá un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta nova lista de chegada.
- Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados en cada equipo.
- Será proclamado vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos,
- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuio cuarto atleta rematara máis próximo ao vencedor da proba.

(**) Para a clasificación por equipos puntuarán todos aqueles atletas fichados por clubes da provincia de Ourense.

PREMIOS: concederanse premios aos tres primeiros/as clasificados absolutos e premio aos tres primeiros/as clasificados en cada categoría (xúnior/sub20, promesa/sub23, sénior e veteranos/masters A , B e C) e premio aos tres primeiros clubes da provincia de Ourense en categoría absoluta, tendo para elo a obligatoriedade de asistir a cerimonia de premiacións. Os participantes no Campionato Provincial que desexen optar os premios da XVI CARREIRA PEDESTRE DO NADAL deberán aboar a inscrición prevista pola organización

HORARIO E DISTANCIAS A PERCORRER: o horario e as distancias a percorrer son os indicados no regulamento xeral da Carreira Pedestre do Nadal.